



ÍNDICE - SUMARIO

N.º 227

Volume XLVI

marzo-abril 2022



Estudos

- Historia dunha crise. Como e por que chegamos até aquí?**
por Javier Elzo 5
- Situación da fe e a cultura en Galicia: a procura das brasas**
por Santiago González Avión 21
- Delgado Gurriarán, a poesía dun exiliado**
por Xesús Portas Ferro 38

Documentos

- Comunicado do bispo de Mondoñedo-Ferrol con motivo do
50 aniversario dos sucesos do 10 de marzo do 1972 en Ferrol**
por Fernando García Cadiñanos 63
- Oito novos perfís de Thomas Merton: unha
aproximación bibliográfica**
por Ramón Cao Martínez 67
- Deus-nada: un sermón do Mestre Eckhart**
por Almudena Otero Villena 76

Crónica

- Carta desde a banda da esperanza**
por Manuel Regal Ledo 85



Recensión

Adultos vulnerados en la Iglesia

por Pepa Torres Pérez 101

Ilustracións

por Soedade Pite 49, 71



Os datos son claros e inequívocos. As enquisas sociolóxicas coinciden en sinalar, con maior grao de evidencia nos últimos anos, unha tendencia sostida no tempo que xa dura varias décadas: o avance a pasos axigantados do proceso de secularización que se consolida nas sociedades occidentais de forma masiva.

Porén, os índices de relixiosidade mundial non fixeron senón crecer nas últimas décadas, amosando o caso occidental máis como unha illada excepción que como a regra.

Os fenómenos complexos non se deixan interpretar con causas simples e non son doados de enfrontar con receitas de curtas miras. Por iso, neste número de Encrucillada, queremos invitar aos lectores e lectoras a reflexionar sobre este feito de tanta relevancia que, talvez, mesmo podemos verificar no noso contorno de relacións máis próximas.

Como comprender o seu significado de fondo? Estamos ante os derradeiros estertores dun moribundo que agoniza ou ante a metamorfose dunha forma de vivencia relixiosa que fina só aparentemente para, en verdade, rexurdir con novas forzas? Vivimos da calor e da luz das últimas lapas dunha fogueira que se apaga ou hai razóns que permiten confiar na forza rexeneradora do remol baixo das cinsas?

Javier Elzo ofrécenos unha cumprida análise sociolóxica na que privilexia a perspectiva histórica en Europa e o caso de Francia para interpretar, tamén, a situación española anterior e posterior ao Concilio Vaticano II, centrándose, maiormente, na década dos anos sesenta.

Santiago González Avión aterra o seu estudo na realidade galega. Os procesos demográficos, migratorios, agrarios, industriais, políticos e culturais influíron decisivamente na crise dos dinamismos de socialización da fe, levando a que, en moitas ocasións, nin as parroquias, nin as familias, nin os colexios nin os movementos sexan quen de paliar esta progresiva ruptura na transmisión.

Pero hai máis cousas. Entre elas destaca a figura de Florencio Delgado Gurriarán (1903-1987), poeta de Valdeorras, exiliado

por mor da Guerra Civil e afincado posteriormente no México de Lázaro Cárdenas. Un estudo de Xesús Portas Ferro, co gallo do Día das Letras Galegas 2022, achéganos a súa figura e á súa obra.

Publicamos, tamén, un comunicado do bispo de Ferrol, Fernando García Cadiñanos, polo 50 aniversario dos tráxicos sucesos de loita obreira, do 10 de marzo de 1972, día no que morreron asasinados pola policía Amador Rey e Daniel Niebla.

Nunha achega que ía para recensión Ramón Cao danos moi boa información sobre un bo feixe de publicacións relativamente recentes sobre a imprescindible figura do monxe Thomas Merton.

Coma achega vai tamén a tradución dun sermón do Mestre Eckhart de fonda reflexión teolóxica precedido dunha introdución de Almudena Otero Villena.

Cunha recensión de Pepa Torres ao libro de Paula Merelo, *Adultos vulnerados en la Iglesia*, PPC, Madrid, 2022, coa Rolda de Igrexa de Manolo Regal e cos debuxos de Soedade Pite completamos un número que desexamos que vos faga seguir pensando sobre estas e outras moitas cousas.

Pedro Castelao

